

Asoballados e indefensos, por cuestión de centímetros, nas beiras da AP-9



As imaxes de desolación son latentes no tramo urbano de Chapela, unha morea de escombros nos que antes había vida, comeza a amosar que a ampliación da AP-9 non era nin é unha broma. Nas pasadas semanas a prensa facíase eco de que se están a derrubar as derradeiras casas das expropiacións da ampliación da AP-9. ¿Todas? Dende AER cremos que non.

Dende AER queremos denunciar a situación que sofren os residentes dun edificio de 3 plantas, situado en Chapela no Camiño de Cornide, onde habitan seis unidades familiares. Despois de que parte da súa parcela cun garaxe anexo fora afectada polas expropiacións da ampliación AP-9, os residentes deste edificio decidiron solicitarlle ao Ministerio de Fomento a expropiación total da edificación. Alegaron motivos de saúde, contaminación acústica, posibles danos estruturais como os que sufriron nos anos 70 na construción da AP-9, dado que nesa rúa Audasa ten previsto demoler un muro con pilotes de formigón próximo a citada edificación. O inmovible está en claro risco de sufrir danos estruturais.

A expropiación foi rexeitada polo Ministerio por entender que a liña de servidume non toca a estrutura habitable do inmovible. Unha liña que queda a escasos centímetros da construción principal segundo o proxecto construtivo. Audasa recoñeceu na derradeira xuntanza da comisión de seguimento das obras que aínda non ten os estudos topográficos feitos, polo que non se pode asegurar que esa liña de servidume quede fóra da edificación principal do edificio; tan só se compromete a expropiar a edificación se sofre danos estruturais graves.

Estas decisións e actitudes demostran que os cartos están por enriba da dignidade e seguridade das persoas que alí residen, non hai ningunha lei que lle impida a Fomento chegar a un acordo cos residentes deste edificio. Parece que a única lei que entenden Fomento e Audasa é a do diñeiro. Polo que desgraciadamente e unha vez máis, persoas que o único "delito" que cometeron é ter unha vivenda nas beiras da AP-9 son condenadas á incerteza e indefensión por un Ministerio sen escrúpulos.

Redondela, 2 de agosto de 2016